

# ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR 2016

## Calendario Electoral

A resolución conxunta do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos establece as pautas de calendario para a celebración de eleccións de representantes da comunidade educativa no Consello Escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Tendo en conta a lexislación vixente (a resolución antedita, no seu art. 2º, punto 2, o Decreto 92/1988, no art. 30, e o Decreto 324/1996), a Xunta Electoral aproba e fai público o calendario electoral:

1. 3 de novembro: Constitución da Xunta Electoral. Aprobación provisional e publicación dos censos. Fixación e publicación do calendario electoral.
2. Do 4 ao 11 de novembro, ambos os dous incluídos: Prazo de admisión de candidatos/as.
3. 14 de novembro: Reunión da Xunta Electoral. Toma en consideración das reclamacións ao censo. Aprobación definitiva dos censos e proclamación provisional de candidatos/as.
4. Do 15 ao 17 de novembro: Prazo de reclamacións á proclamación de candidatos/as.
5. 18 de novembro: Reunión da Xunta Electoral. Resolución sobre as reclamacións e proclamación definitiva de candidatos/as. Sorteio para a determinación de integrantes das mesas electorais para os colectivos do alumnado / pais, nais, titores legais (titulares e suplentes). Aprobación do horario das votacións.
6. 21 de novembro: Claustro de profesorado para dar lectura ás normas do Regulamento (Decreto 92 /1988) no relativo ao procedemento de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar. Fixación da data do Claustro Extraordinario de elección de representantes.
7. 29 de novembro: Celebración das eleccións. Proclamación dos conselleiras e conselleiros electos. Último día para a comunicación da ANPA da persoa proposta para o Consello Escolar.
8. 1 de decembro: Constitución do novo Consello Escolar.

Santiago, a 3 de novembro de 2016.

O Director e Presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Manuel Portas Fernández.